

CAMPAÑA "REDUCE. TI TES A CHAVE"

# Obxectivo: menor produción de lixo

■ A Comunidade galega rexistra na actualidade uns ratios de produción de lixo por habitante similares rexistrados no 2005. En Galicia está en marcha a campaña "Reduce. Ti es a chave" para continuarse a diminución da produción de lixo. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que dirixe Agustín Hernández, e Sogama lanzaron conxuntamente esta campaña educativa a través da cal pretenden contribuír á concienciación da poboación en torno á menor produción de residuos. Unha das prioridades desta campaña é animar e incentivar á sociedade a que aposte por formas de consumo que lle permitan xerar menos refugallos, constituíndo este o primeiro paso a seguir na axeitada xestión dos mesmos.

En Galicia pasouse en pouco tempo dunha produción media de residuos por habitante e ano de 292 quilos a 438, unha taxa que, aínda que se atopa por baixo da media estatal (547 quilos), é preciso minorar. No Plan de Xestión de Residuos de Galicia 2010-2020 estipúlase un obxectivo que é pasar dos 1,22 kilogramos de lixo xerados por habitante e día a 1,09, o que implica unha redución dun 10%. Esta baixada non debe responder a situacións conxunturais, senón que hai que apostar por unha baixada sostida.

Tendo en conta datos como os do Eurostat, nas últimas décadas, os desperdicios domésticos xerados en Europa viéronse incrementando entre un 1 e un 2 por cento anual, chegando a situarse, no 2009, nos 513 quilos por habitante e ano.

## AFORRO

Os produtos que saen da cadea de residuos son produtos dos que non hai que pagar o seu tratamento. Atendendo aos datos de 2008 o aforro para os concellos como consecuencia da separación en orixe do papel, vidro e os envases lixeiros elévase a 5,4 millóns de euros, unha cantidade que as administracións locais terían que pagar a Sogama se os residuos entraran na planta.

Neste escenario urxe cambiar o modelo de desenvolvemento, dominado pola máxi-

BOAS PRÁCTICAS RECOLLIDA SELECTIVA AS TRES ERRES ACHÉGANDOS AS TÚAS IDEAS CONTACTO

**SOGAMA**  
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE  
WWW.SOGAMA.ES

**INTRODUCCIÓN**

A elevada produción de residuos constitúe un denominador común a todas as sociedades avanzadas. Segundo datos proporcionados por Eurostat, nos últimos 40 anos os desperdicios domésticos xerados en Europa viéronse incrementando entre un 1 e un 2 por cento anual ata alcanzar, no 2008, a media de 524 kg por habitante e ano; unha cifra que, como consecuencia da crise económica que nos azouta con tanta virulencia, baixou no 2009 ata en 11 puntos porcentuais, situándonos nos 513 kg, cantidade moi alta.

O caso de España é aínda máis preocupante, tendo en conta que a súa taxa de produción de lixo continúa a posicionarse por riba da media comunitaria, e isto mala que, como consecuencia do varapalo sufrido polas economías familiares, viu reducida a súa xeración de refugallos en 28 puntos porcentuais, descendendo dos 575 kg por habitante no ano 2008 aos 547 no 2009.

Polá súa banda, os niveis de reciclaxe seguen a ser baixos. Fronte ao 24 por cento de media na Unión Europea, o noso país tan só reciclou no 2009 o 15 por cento dos residuos producidos.

Así as cousas, debemos tomar conciencia de que estamos ante un modelo de desenvolvemento insostible, marcado pola máxima de "usar e tirar", que precisa incorporar cambios para facelo viable desde todas as fronteiras.

SIGUENOS EN:  
facebook twitter tuenti

XUNTA DE GALICIA

Carátula de apertura da web [www.reducetitesachave.com](http://www.reducetitesachave.com).

ma de "usar e tirar", e poñer en práctica comportamentos sostibles que nos permitan aplicar a racionalidade e a sensatez, apostando por un consumo responsable que teña en conta o ciclo de vida dos produtos sen poñer en risco o noso benestar.

Se ben o actual contexto de crise obrigou a cambiar determinadas pautas de conduta, estas deberían manterse no tempo co obxectivo final de minimizar o impacto que os residuos ocasionan sobre o contorno. Planificar o consumo, mercar os alimentos tendo en conta a súa data de caducidade, priorizar os artigos reutilizables, así como os minimamente envoltos e embalados, rexeitar as bolsas non biodegradables, recuperar o tradicional carriño da compra, usar trapos de coziña e panos de tea en lugar da súa versión en papel, dar preferencia ás compras a granel, rexeitar os consumibles envasados en bandexas de plástico ou porrexpán, evitar as vaixelas, vasos e cubertos de plástico, optando polo vidro, o metal ou a

## PRIORIDADES E ASIGNATURA PENDENTE

O Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020 ten entre as súas prioridades a de estabilizar a produción de residuos nunha primeira fase, logrando unha redución do 10 por cento no ano 2020, ao tempo que prevé incrementar os índices de reutilización e reciclado ata o 30 por cento (fronte ao 10 por cento actual), e minimizar o vertido final, destinando a vertidoiro tan só aquela fracción para a que non caiba ningún outro tratamento contemplado na lexislación vixente, é dicir, que non poida ser reutilizada ou reciclada previamente, e tampouco valorizada, incluíndo aquí a súa recuperación enerxética.

Galicia, cunha taxa de reciclado situada nun 10 por cento, atópase por baixo da media

nacional (15 por cento) e aínda máis afastada da media europea (24 por cento), e isto sen ter en conta os niveis alcanzados por países tales como Alemaña, que chegou ao 48 por cento.

Para acadar eses niveis de redución, dende a Consellería véñense promovendo diferentes campañas para promover a redución de residuos, así como as restantes erres da xestión: reutilización, reciclaxe e recuperación. O presidente de Sogama, Luís Lamas, explicou que na web desta campaña ([www.reducetitesachave.com](http://www.reducetitesachave.com)) proporciónanse claves para clasificar axeitadamente o noso lixo, tendo en conta que no colector amarelo debemos introducir os envases lixeiros (envases de plástico, latas e briks), pero non calquera

plástico que non sexa envase nin envoltorio; no azul, o papel e cartón, excepto o de calco e o sucio ou con restos de graxa; no iglú verde, os envases de vidro, evitando as tapas e cortizas, así como os vidros especiais (cristais, espellos, lámpadas, ...); e no colector xenérico, os refugallos orgánicos e os non reciclables, que no caso de Sogama son destinados á produción de electricidade. Agora ben, naqueles lugares que contén cos requisitos e condicións necesarias, a compostaxe doméstica pode constituír unha excelente vía para propiciar a reciclaxe da parte orgánica, converténdoa nun abono de alta calidade para ser aplicado con absolutas garantías en xardíns, hortas e terras de cultivo.

## A PRODUCCIÓN MEDIA DE RESIDUOS POR HABITANTE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA PASOU DE 292 A 438 QUILOS

lousa, poden ser, entre outras, algunhas das múltiples recomendacións a seguir. A fin de que esta iniciativa poida chegar a unha elevada porcentaxe de cidadáns galegos púxose en marcha unha páxina web específica [chave.com, que permanecerá activa ata o 16 de xaneiro.](http://www.reducetitesa-</a></p>
</div>
<div data-bbox=)

Ademáis, co fin de propiciar a participación da poboación nesta iniciativa e proceder ao intercambio de experiencias, a través do sitio web [www.reducetitesachave.com](http://www.reducetitesachave.com) todos

## Concellos

Os concellos adheridos o modelo de Sogama pagan un prezo por tonelada de residuo convencional entregado nas súas instalacións. Resulta evidente que, cantas menos toneladas remitan a esta entidade pública, menor será o importe da factura a abonar, coa particularidade de que canto maior sexa a cantidade e calidade dos materiais destinados aos centros recicladores, maiores serán tamén os ingresos a percibir por parte dos Sistemas Integrados de Xestión, podendo destinalos a sufragar outros servizos municipais.

os interesados maiores de 12 anos que residan en Galicia poderán deixar constancia da súa mellor idea para reducir residuos. Os autores das dez que reciban o maior número de votos, podrán participar no sorteo dun portátil. ■

